

Noutras comunidades autónomas ocorre que, ao non se considerar a educación infantil obrigatoria, a escolarización dos nenos deste ciclo depende dos concellos.

Como consecuencia da aplicación estrita do indicado, moitos centros de educación infantil non se poden acoller a este programa de axudas comunitarias.

Sen prexuízo da directa aplicación das disposicións do Regulamento (CE) n.º 2707/2000, en que non se especifica que tipo de autoridade competente é a que ten que autorizar os centros que, como consecuencia da aplicación estrita do regulado no Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, non poden solicitar a axuda, e para que poidan acceder a esta, resulta conveniente a modificación do Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, no relativo ás autoridades responsables da autorización dos centros de ensino.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de marzo de 2004,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares.*

O punto 1 do artigo 2 do Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares, queda redactado como segue:

«Artigo 2. *Beneficiarios.*

1. Serán beneficiarios da axuda os alumnos que asistan regularmente aos centros ou establecementos escolares, recoñecidos polas autoridades competentes, dos seguintes niveis de ensino:

- a) Educación infantil, incluídos os xardíns de infancia ou gardarías e outros establecementos de educación preescolar.
- b) Educación primaria.
- c) Educación secundaria, que comprenderá a educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional de grao medio.
- d) Educación especial.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Dado en Madrid o 18 de marzo de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,

MIGUEL ARIAS CAÑETE

XEFATURA DO ESTADO

5915 *CORRECCIÓN de erros da Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal. («BOE» 80, do 2-4-2004.)*

Advertido erro na Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 15, do 1 de decembro de 2003, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 2601, punto centésimo sesaxésimo terceiro, primeira columna, o encabezamento do punto será o seguinte:

«Centésimo sesaxésimo terceiro: Modifícanse os números 4.º e 5.º do artigo 611, que quedan redactados como segue:

- 4.º Deporte, traslade (...)
- 5.º Traslade e asente (...)

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

5921 *REAL DECRETO 498/2004, do 1 de abril, polo que se modifica o Real decreto 137/2002, do 1 de febreiro, polo que se establecen medidas de apoio a armadores e tripulantes da frota pesqueira afectada pola finalización do Acordo de Pesca entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos. («BOE» 80, do 2-4-2004.)*

No Regulamento (CE) n.º 2561/2001 do Consello, do 17 de decembro de 2001, polo que se fomenta a reconversión dos buques e os pescadores dependentes ata 1999 do Acordo de Pesca con Marrocos, aprobáronse excepcións a varias disposicións do Regulamento (CE) n.º 2792/1999 do Consello, do 17 de decembro de 1999, polo que se definen as modalidades e condicións das intervencións con finalidade estrutural no sector da pesca.

Estas excepcións aplicábanse a determinadas categorías de primas e axudas públicas con respecto ás cales a decisión administrativa de concedelas se tomase entre o 1 de xullo de 2001 e o 30 de xuño de 2003.

Mediante o mesmo regulamento estableceuse unha medida específica destinada a completar as medidas desenvolvidas no contexto dos fondos estruturais nos Estados membros afectados pola non-renovación do acordo.

Existen pescadores afectados pola non-renovación dese acordo de pesca que perderon emprego como consecuencia dunha reorientación da actividade pesqueira dos seus buques e que se encontran na mesma situación que os pescadores dos buques cuxa actividade pesqueira se paralizou definitivamente. Para que o trato dado a todos os pescadores sexa equitativo, convén establecer excepcións ás disposicións que supeditan a concesión das primas globais individuais á paralización definitiva

das actividades pesqueiras do buque en que estivesen embarcados os beneficiarios da medida.

Resulta oportuno que o prazo mínimo inferior a un ano a que se refire o artigo 12.4.c) do Regulamento (CE) n.º 2792/1999 do Consello, do 17 de decembro de 1999, durante o cal o pescador non pode volver a desempeñar a mesma profesión baixo pena de ter que devolver pro rata temporis a prima obtida, se calcule desde o 1 de xaneiro de 2002, data en que finalizaba a posibilidade de aboar indemnizacións por paralización temporal, e non desde a data de pagamento efectivo da prima.

Para aplicar as modificacións antes mencionadas, considerando os prazos existentes, é necesario prorrogar 12 meses o prazo para tomar a decisión administrativa e atrasar en igual número de meses as datas límites de admisibilidade dos gastos e de presentación da solicitude de pagamento do saldo.

Estas modificacións recolléronse no Regulamento (CE) n.º 2325/2003 do Consello, do 17 de decembro de 2003, que modifica o Regulamento (CE) n.º 2561/2001 polo que se fomenta a reconversión dos buques e os pescadores dependentes ata 1999 do Acordo de Pesca con Marrocos, e mediante este real decreto modifícase o Real decreto 137/2002, do 1 de febreiro, polo que se establecen medidas de apoio a armadores e tripulantes da frota pesqueira afectada pola finalización do Acordo de Pesca entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos, para así adaptar a normativa nacional ás disposicións do citado regulamento comunitario, no referente ás medidas de carácter socioeconómico.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector pesqueiro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de abril de 2004,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 137/2002, do 1 de febreiro, polo que se establecen medidas de apoio a armadores e tripulantes da frota pesqueira afectada pola finalización do Acordo de Pesca entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos.*

O Real decreto 137/2002, do 1 de febreiro, polo que se establecen medidas de apoio a armadores e tripulantes da frota pesqueira afectada pola finalización do Acordo de Pesca entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o punto 3 e engádense dous novos puntos 5 e 6 ao artigo 3, coa seguinte redacción:

«3. As axudas previstas no artigo 61 do Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro, recoñeceranse sen que se exixan para iso os requisitos establecidos no artigo 63.1.a), 2.a) e 3.a), así como os establecidos nas alíneas b) e c) do punto 2 e na alínea b) do punto 3 do mesmo artigo.»

«5. Poderán solicitar as primas globais individuais aqueles pescadores que foron membros da tripulación dun buque pesqueiro, afectado pola non-renovación do Acordo pesqueiro entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos, sen a exixencia de que o dito buque cesase definitivamente a súa actividade pesqueira.

6. A data que hai que ter en conta para o cálculo das primas globais individuais será a partir

do 1 de xaneiro de 2002 e ata o 31 de decembro de 2002. A contía máxima da axuda ascende a 12.000 euros. O pagamento total da axuda que se aboe será proporcional ao período máximo consecutivo de inactividade como pescador que tivese durante o ano 2002.»

Dous. Dáselle nova redacción ao artigo 4.

«Artigo 4. *Solicitudes.*

Respecto ás medidas socioeconómicas, o prazo será o que, dentro dos límites máximos sinalados, estableza cada comunidade autónoma.»

Tres. Modifícase o artigo 5, coa seguinte redacción:

«Artigo 5. *Resolución e pagamento das axudas.*

1. O prazo para a resolución das citadas solicitudes finalizará o 30 de xuño de 2004.

2. A data límite para o pagamento das axudas será o 31 de decembro 2004.»

Catro. Modifícase a disposición adicional primeira, que queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional primeira. *Xustificación de pagamentos.*

Finalizado o exercicio económico e non máis tarde do 31 de marzo do ano seguinte, as comunidades autónomas remitiranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación un estado de execución do exercicio, indicando as contías totais de compromisos de créditos, obrigas recoñecidas e pagamentos realizados no ano, detallado por cada unha das aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais do Estado desde as que se realizaron as transferencias de crédito, co obxecto do cumprimento por parte da Administración xeral do Estado das obrigas establecidas no Regulamento (CE) n.º 1260/1999 do Consello, do 21 de xuño de 1999, polo que se establecen disposicións xerais sobre os fondos estruturais. A información será posta en coñecemento da Conferencia Sectorial e tida en conta na adopción de acordos de distribución de fondos.»

Cinco. Engádense unha nova disposición adicional cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Ampliación de prazos.*

Para os expedientes de axudas de medidas socioeconómicas iniciados antes da publicación deste real decreto, quedan ampliados os prazos de pagamento ata o 31 de decembro de 2004.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de abril de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca
e Alimentación,

MIGUEL ARIAS CAÑETE